

Retorno ao negro

Narrativa Miguel Anxo Fernández non agacha a súa única intención de entreter cunha novela de xénero

**Tres disparos e dous
friames** · Miguel Anxo
Fernández ·
Galaxia, 2008 · 234
páx · 15,20 euros



No contexto da literatura galega a novela negra é un fenómeno tan recente como relevante, que leva producido xa algúns froitos certamente destacados que flutúan entre o realismo sucio e sórdido, tan propio do xénero, e unha certa querenza culturalista. En *Crime en Compostela* de Carlos R. Reigosa, que nesta parte do planeta pasa por ser fundacional, as descrições da cidade tiñan tanto ou máis peso que a trama criminal, e o seu protagonista, Nivardo Castro, afastábase dos arquetipos tradicionais para adquirir trazos decididamente autóctonos. Un pouco despois saía do prelo *A chave das nozes* de Xabier P. DoCampo, un relato urbano e escuro na mellor tradición estadounidense, esa que bebe por igual dos textos esenciais de Hammett e Chandler coma dos grandes clásicos do *film noir* dos anos trinta, corenta e cincuenta; as obras mestras de Fritz Lang e John Huston mais tamén esas alfaías de orzamento minúsculo tipo *Detour* ou *Gun crazy*. Desa tradición partía tamén Aníbal C. Malvar, que nos deixou os máis valiosos títulos do xénero negro publicados en Galicia. O silencio narrativo do autor de *Unha noite con Carla* e *Á de mosca* dura xa unha década: somos moitos os que botamos en falta a rapidez e o brillo dos seus diálogos e a fortaleza das súas construcións novelísticas.

Suso de Toro, Santiago Jaureguizar e Xurxo Borrazás fixeron achegas a un xénero que é ideal para falar das miserias do noso tempo e está sempre aberto á introdución da ironía como recurso literario. Nos últimos anos case poderíamos falar



The building stage. // Lee Keenan

dun pequeno boom, co éxito aquí e acolá de *Ollos de auga* de Domingo Villar como fito máis salientábel (éxito que, dito sexa ao paso, eu non son quen de explicar). Ben lonxe do espírito tranquilo de Leo Caldas está a vida disoluta de Horacio Dopico, o detective canalla e noctámbulo que protagoniza *Baixo mínimos* e *O cidadán do mes*, dúas novelas nas que Diego Ameixeiras xoga cos tópicos con intencións lúdicas e desmitificadoras. Dese pouso retranqueiro participa tamén Miguel Anxo Fernández na triloxía formada por *Un nicho para Marilyn*, *Luar no inferno* e *Tres disparos e dous friames*, aínda que neste caso o elemento burlesco é se cadra aínda máis explícito, cun protagonista, Frank Soutelo, a rolos pola costa abaixo que leva do aínda presentábel Mike Hammer até os personaxes das noveliñas de serie z (minúscula).

Esta terceira entrega comeza cando unha aspirante a actriz encárgalle a Frank Soutelo que a libre do produtor co cal está liada, nun encon-

tro que termina cos dous –a actriz e o detective– facendo o amor sobre a mesa do despacho. Para resolver o seu traballo, Soutelo decide conseguir imaxes que revelen a relación entre a súa cliente e o seu acosador para con elas facer presión sobre a muller deste, mais a súa estratexia non acada os resultados desexados: a esposa non só non amosa ningún tipo de inqueda polo adulterio do seu home, senón que mesmo decide probarlle ao detective a súa amplitude de miras practicándolle unha felación. Todo iso nas primeiras cincuenta páxinas; será ao cabo das seguintes cincuenta cando teñamos noticia dos tres disparos e as dúas mortes que anuncia o título. A acción da novela pasa logo por Boston e Papeete, na Polinesia Francesa, camiño dun desenlace máis ben basto moi representativo do ton desenfadado, paródico e un chisco perralleiro do conxunto. Unha novela, esta de Miguel Anxo Fernández, que non esconde a súa única intención de entreter, e como tal hai que tomala, é dicir, non moi en serio. // **Martin Pawley**